

Novos pasos da ANPA en favor dun novo colexio

A construción do novo colexio de infantil (3-6 anos), será o **OBXECTIVO PRINCIPAL** desta ANPA para este curso 2010-2011.

A situación é tan crítica que xa non se pode esperar máis, e así o explicou tamén o Equipo Directivo do colexio, na reunión cos pais propiciada pola ANPA.

A ANPA pelexará para que as obras comecen antes da celebración das Eleccións Municipais do ano 2011. De non ser así, probablemente non teñamos colexio en anos.

En base a isto a ANPA mantivo o pasado 1 de decembro unha reunión coa Alcaldesa de Betanzos, que tamén é consciente da problemática actual.

O contido desta reunión está dispoñible no blog da ANPA xa que non puido ser incorporada neste boletín por falta de tempo e espazo.

UN
COLEXIO NOVO,
POR FAVOR

- Eleccións Consello Escolar -

Nas eleccións para nais/pais ao consello escolar levadas a cabo o pasado 23 de novembro, saíu elixido:

Juan Luís García Díaz

Pola súa banda a ANPA Brigantium nomeou como representante seu no consello escolar a:

Marcos Vázquez Gómez

Tanto Juan Luís como Marcos compartirán representación, por partes das nais/pais, con:

María Luísa Yáñez Villaverde

Mª Jesús Santamaría Núñez

Carmen Calatayud Romero

MARCADOR CESION TERREOS

ANOS

3

MESES

9

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.

¿Novo colexio?

¡¡ IMPRESCINDIBLE !!

Resulta inaplazable a toma de decisión da construción dun novo colexio, sinxelamente NON COLLEAMOS, pedímoslle ás administracións que, por unha vez anticipen as solucións ós problemas.

Aproveitamos para advertir que estamos dispostos a reclamar ante quen sexa, e da forma que sexa, esta necesidade imperiosa.

A modo de exemplo, comentávos a habilitación dunha nova aula de educación infantil no edificio de primaria, co que xa serían tres para o próximo curso.

Isto implica a supresión das aulas de inglés e o agravio comparativo que supón para estes nenos con respecto aos seus compañeiros que quedan no edificio de infantil.

Artigo publicado en [Xuño de 2006](#)

(no boletín No.1 da ANPA BRIGANTIUM)

Participación da ADC nos principais torneos do contorno

Campionatos de Baloncesto: Liga e Copa

Campionatos organizados pola Delegación Coruñesa de Baloncesto, nos que compiten os principais clubs da Coruña e comarca, xogando xeralmente no estadio da Sardiñeira.

Nestes campionatos a A.D.C. participa coas seguintes categorías: benxamín (2) e alevíns (3): feminino, masculino e mixto.

Campionatos de Fútbol Sala: Liga e Copa LAMBRE-MANDEO

Campionatos de Liga e Copa organizados polo Club Lambre-Mandeo. Nestes campionatos compiten clubs dos concellos da comarca: Aranga, Betanzos, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero, Paderne e Oza dos Ríos.

As categorías nas que participamos son: Benxamín, Alevín, Infantil e Cadetes.

Competicións de Atletismo

Participación en carreiras populares e tamén de campo a través, así como no programa "Xogando co Atletismo" dependente da Xunta de Galicia.

As inscricións son a título individual aínda que cabe a posibilidade de participar como equipo nalgún evento.

Calendarios de Nadal ADC

A xunta directiva da ADC informa que debido á controversia que cada ano xurde en torno a esta forma de ingreso, este ano **non se emitirán os tradicionais Calendarios de Nadal.**

Para compensar estes ingresos, tan necesarios para a supervivencia desta agrupación, a xunta directiva intentará por en marcha novas fórmulas de financiamento orientadas a que as cotas das actividades non se vexan afectadas.

Certame FERTIBERIA de Pintura Rural Infantil

O pasado 12 de novembro falláronse os premios FERTIBERIA. Este ano todos os premios recaeron en colexios de fora de Galicia.

60 foron os debuxos presentados dende o noso colexio, moitos deles dunha calidade considerable. Por tal motivo a ANPA decidiu premiar aos 10 mellores debuxos, a criterio da xunta directiva, así como á aula máis participativa.

Os seleccionados, por orde de curso, foron: Valentina Silva (1ºE), Iván Carro (2ºA), Omar Dans (2ºA), María Dans (4ºB), Alberto Gómez (4ºC), Adela Ríos (4ºD), Victoria Prado (4ºD), Diego Teijo (4ºE), Mayra Vila (4ºE) e Raquel Vázquez González (4º).

O premio á aula máis participativa recaeu en 3ºA.

Os premios serán entregados o venres 10 de decembro, no Salón de actos do Liceo, durante a actuación do Mago Benxamín.

Poderedes disfrutar de todos os debuxos presentados visitando o noso blog e mesmo no taboleiro do ANPA á entrada do colexio.

Mago Benxamín



Venres 10 de decembro,
ás 19:00

Salón de actos do Liceo

Para todos os públicos
Para toda a familia



Comedor + Madrugadores

A ANPA convoca a tódolos usuarios de comedor e madrugadores a unha reunión a celebrar o próximo **xoves, día 9 de decembro, as 17:00** no salón de actos do colexio. co tema:

A continuidade dos Servizos de Comedor e Madrugadores cara o próximo curso

Entrega dos cheques de Comedor, (Setembro-Decembro 2009)

Despois da reunión mencionada arriba procederáse á entrega dos cheques comedor, correspondente ao período arriba indicado. A estas axudas teñen dereitos todos os usuarios de Comedor (non madrugadores) que usaran os servizos de comedor ao longo desde período.

Documentación necesaria:

- DNI da persoa que solicitou, por escrito, o servizo de comedor ou,
- Autorización escrita indicando o nome e DNI, tanto da persoa que vai a retirar o cheque, como da persoa que autoriza (solicitante do servizo de comedor)

A ANPA en **facebook**

Se queres recibir información sobre as novidades da ANPA, entra en facebook, busca a nosa páxina "ANPABRIGANTIUM", e preme **Me gusta**. Tan fácil como iso.



Raquel Vázquez

Un dos 60 debuxos feitos por
nenos/as de 1º a 4º de primaria
para o Concurso FERTIBERIA

**volvemos a ter o blog operativo!
novos formatos, novos contidos**



Bótalle unha ollada, mira o que cambiou e axúdanos a melloralo

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

ANPA Brigantium